



CONCELLO DE ARANGA

ANUNCIO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS PRESENTADAS, VALORACIÓNS FINAIS DO PRIMEIRO EXERCICIO E DATA, LUGAR E HORA DE CELEBRACIÓN DO SEGUNDO EXAME DA OPOSICIÓN CONVOCADA PARA CUBRIR PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO EN ARANGA.-

Por medio da presente, ponse en coñecemento dos interesados, o contido da acta da sesión do tribunal que levou a cabo o estudo e resolución das alegacións presentadas contra as puntuacións porvencionais do primeiro exercicio do proceso selectivo convocado polo concello de Aranga para cubrir unha praza de auxiliar -administrativo de servizos sociais e cultura, e fixa a data, lugar e hora de celebración do segundo exercicio:

“Na Casa do concello de Aranga, sendo as nove y trinta horas do día 27 de marzo de 2026, reúnen os integrantes do tribunal que calificou o primeiro exercicio a efectos de levar a cabo o exame das alegacións presentadas durante o prazo de tres días hábiles dende a publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica de Aranga do anuncio relativo ás puntuacións provisionais obtidas no primeiro exercicio do proceso selectivo convocado polo concello de Aranga para cubrir unha praza de auxiliar administrativo, outorgado ao efecto.

Procédese ao exame de todas e cada unha das alegacións presentadas:

1º. O/A aspirante ** 8328*** reclama dos erros na plantilla de respostas. Concretamente na pregunta 40 dáse por correcta a opción A, cando a correcta é a B. Na pregunta 42 dáse por correcta a resposta B cando a correcta é a C.

O tribunal comproba que efectivamente débese a un erro ao sinalar as repostas correctas polo que se procede á corrección da plantilla das respostas:

A resposta correcta da pregunta 40 é a B

A resposta correcta da pregunta 42 é a C.

Atendida a reclamación, procederáse á corrección da plantilla das respostas.

2º. O/A aspirante **7142*** reclama a anulación da pregunta 36 alegando contradición entre a lei 39/2015 e a lei 10/2013, e, reclama, a modificación da plantilla de respostas das preguntas 40 e 42 no mesmo sentido que o/a aspirante anterior.

-A reclamación das preguntas 40 e 42 acéptase e polo tanto procede a corrección da plantilla das respostas.

-Respecto da pregunta 36 recházase a alegación formulada toda vez que se considera que o aspirante debe saber cal é a norma se aplica preferentemente en caso de duda entre unha lei xeral e outra lei específica. Considera ademáis o tribunal que a persoa reclamante

na súa alegación está a confundir dous conceptos diferentes: a renda de inclusión social e a axuda de inclusión social.

3º.- O/A aspirante ** 5369*** solicita a corrección da resposta a pregunta 40 e a anulación da pregunta 33 porque non se menciona na formulación da pregunta, a que lei se está a referir o artigo invocado.

Respecto a corrección da resposta da pregunta 40 acéptase polo xa indicado.

Respecto da pregunta 33, o tribunal acorda aceptar a alegación formulada toda vez que , aínda que do contexto pode deducirse a que lei se refire , o certo e que non se indica o corpo legal ao que se refire o artigo.

Se anula esta pregunta e acúdese á primeira de reserva.

4º. O/A aspirante **4187** solicita a anulación da pregunta 27 do cuestionario por entender que a resposta a dita cuestión refírese e a aspectos operativos da aplicación TEDEC que non é de acceso público e que, polo tanto, non ten porque ser coñecida polos opositores.

O tribunal acorda aceptar a alegación presentada e anular a pregunta 27 do cuestionario procedendo a valorar á segunda pregunta das que constan de reserva.

5º.O/A aspirante **3632*** impugna as preguntas 5,30,35,39,41,42 e 45.

-Solicita a anulación da pregunta 5 por non distinguir entre sesións extarordinarias xerais e sesións extraordinarias urxentes.

O tribunal entende que a pregunta está ben formulada e que a única resposta correcta é a B) segundo se redacta a pregunta polo que se acorda rechazar a alegación .

-Respecto da pregunta 30 alega o/a aspirante que o apartado 1c do artigo 12 da lei de inclusión social esixe un empadramento mínimo dun ano. Pero o apartado c dice textualmente “ Tener máis de 25 anos”. Comprobáas , en cambio, que o apartado a) do mesmo artigo sinala como requisito estar empadrado en calquera dos concellos da Comunidade Autónoma durante os seis meses anteriores á presentación da solicitude de valoración.O tribunal acorda rechazar a alegación por carecer de fundamento.

-Respecto da pregunta 35 alega que a resposta dada por válida é incorrecta “Estar empadrado en Galicia máis de seis meses”. A pregunta formulada e cal dos requisitos non é exacto para percibir a axuda de inclusión social. Soamente a resposta A) é válida toda vez que para percibir a axuda de inclusión social esixese estar empadrado pero sen especificar o tempo mínimo. As restantes respostas recollidas na pregunta constitúen requisitos necesarios.

O tribunal acorda rechazar a alegación toda vez que a resposta indicada é a correcta.

-Respecto da pregunta 39 solicita anulación en base ao principio de seguridade xurídica e obxectividade, por carecer de referencia normativa e porque o Decreto 99/2012 establece unha cosa e a ordenanza municipal outra.

O Decreto autonómico delega a xestión do servizo de axuda a domicilio nos concellos, requirindo a aprobación dunha ordenanza reguladora do servizo que é a norma que se ten que aplicar, máxima cando non contradice a norma autonómica e ademais e a que beneficia ao cidadán.

O tribunal acorda rechazar a alegación toda vez que o /a aspirante debe saber que , neste caso, a norma especial prevalece.

-Respecto da pregunta 41 , 42 e 45 solicita a anulación por non referirse, ao formular a pregunta, expresamente a Ordenanza Municipal do SAF de Aranga, con base no principio de seguridade xurídica e obxectividade.

A única ordenanza municipal do SAF recollida no temario das bases aprobadas para este proceso selectivo é a do concello de Aranga, polo que non se produce ningunha confusión coa Ordenanza a que se refire a pregunta.

O tribunal acorda rechazar estas alegacións por que a única ordenanza municipal recollida no temario das bases aprobadas para o proceso selectivo é a do concello de Aranga.

- **O/A aspirante **6996**** solicita a anulación das preguntas 33 e a supletoria primeira.

-Respecto da pregunta 33 xa se ten acordado anular a dita pregunta por omitir referencia legal.

-Respecto da pregunta supletoria primeira o tribunal considera que a utilización nas respostas de pregunta, dos conceptos “comunicacións” e “notificacións” e do termo “galegos” , aínda que este último non se enuncia con carácter excluínente, pode dar lugar a dudas interpretativas. Polo exposto o tribunal acorda anular esta pregunta e polo tanto valorar a pregunta supletoria número tres.

- **O/A aspirante **2041***** impugna as preguntas 16,28,30,33 e 37.

-Respecto da pregunta 16 alega que no é xurídicamente correcta a resposta por canto a lei no establece como regra xeral que os actos ditados en exercicio de potestades regladas non deban motivarse.

O tribunal acorda desestimar a alegación toda vez que á resposta c) e a única resposta correcta á pregunta plantexada, máxime tendo en conta que as outras respostas recóllense expresamente no artigo 35 da lei 39/2015 como actos que deben ser motivados.

- Respecto da pregunta 28 o/a aspirante solicita a anulación por canto o acrónimo SIR corresponde a Sistema de Interconexión de Rexistros. O tribunal acorda desestimar a

alegación toda vez que a pregunta formulada é “ que é o SIR “ e non ao significado literal das siglas SIR.

-Respecto da pregunta 30 alega que debe anularse por canto coa información proporcionada non pode afirmarse con seguridade que non cumpre os requisitos legais.

O tribunal acorda rexeitar a alegación toda vez que a a pregunta formulada é “ Cal de estas situacións podería ter acceso....” e decir, se pide indicar cal das situacións plantexadas podería ter acceso á RISGA , non se pide indicar cal das situacións reñe os cinco requisitos para acceder á RISGA. Está claro que os supostos A) e B) non poden ser porque nun caso non é orfo absoluto e noutro ten pais e polo tanto existen persoas legalmente obrigadas a prestar alimentos, o que previsiblemente no ocorre no suposto C).

-Respecto da pregunta 33 xa se acordou a súa anulación por non ter referencia ao corpo legal.

-Respecto da pregunta 37 solicita anulación por no especificar que Estatuto. O tribunal acorda rexeitar a alegación toda vez que solo existe un Estatuto que corresponde aos poderes públicos de Galicia , e que figura no temario adxunto á convocatoria.

- **O /A aspirante **7358**** solicita anulación das preguntas 30,33,35 y supletoria primeira.

- Respecto da pregunta 30 se alega como correcta la A y no la C que marca a plantilla. O tribunal xa manifestou a súa desestimación e os motivos en que o fundamenta.

Respecto da pregunta 33 xa foi anulada polo tribunal.

Respecto da pregunta 35 o tribunal xa manifestou a súa desestimación e os motivos.

Respecto da pregunta de reserva 1 xa foi anulada polo tribunal.

- **O/A aspirante **3365**** impugna a pregunta 38 alegando que debe darse como resposta correcta a A) invocando un artigo da lei de enxuciamiento civil.

O tribunal acorda rexeitar a alegación formulada toda vez que é a B e a única resposta correcta xa que a RISGA conforme ao artigo 6.3 da lei de Inclusión Social de Galicia ten carácter de prestación de alimentos e non pode ser obxecto de embargo nin retención. A RISGA ademáis é sempre inferior ao SMI e , en todo caso, a lei que invoca o/a aspirante para impugnar a pregunta non se atopa no temario da oposición convocada , como sí se atopa a lei de inclusión social de Galicia.

A vista do exposto, e como conclusión, o Tribunal acorda:

Primeiro: Anular as preguntas 27, 33 e a supletoria primeira, pasando a correxirse as respostas as preguntas supletorias segunda e terceira.

Segundo : Correxir , na plantilla publicada, as respostas 40 e 42 por estar correxidas erróneamente, quedando así a plantilla de solucións definitivas :

Preguntas	Soluciones		Preguntas	Soluciones
1	B		26	A
2	C		27	B ANULADA
3	C		28	C
4	C		29	A
5	B		30	C
6	C		31	B
7	B		32	A
8	C		33	A ANULADA
9	A		34	B
10	B		35	A
11	B		36	C
12	B		37	B
13	A		38	B
14	B		39	B
15	C		40	B CORREXIDA
16	C		41	C
17	A		42	C CORREXIDA
18	B		43	B
19	A		44	C
20	C		45	C
21	A		46	B
22	B		47	B
23	B		48	B
24	C		49	B
25	C		50	B

SUPLETORIAS

1	A ANULADA	6	A
2	A	7	C
3	B	8	B
4	C	9	B
5	B	10	B

Terceiro: Realizar unha revisión das valoracións realizadas inicialmente, tendo en conta os acordos adoptados polo Tribunal, pasando a cualificar novamente, os exames realizados, resultando as seguintes puntuacións:

DNI		DNI	RESULTADO
XX6996XXX	6,4 APTO	XX7175XXX	6,3 APTO
XX7358XXX	5,5 APTO	XX2041XXX	4,7
XX6823XXX	3,5	XX35207XX	6,4 APTO
XX6862XXX	6,0 APTO	XX3031XXX	6,8 APTO
XX6209XXX	4,5	XX7651XXX	6,3 APTO
XX3103XXX	4,7	XX4187XXX	7,6 APTO
XX3438XXX	6,5 APTO	XX8328XXX	8,5 APTO
XX5580XXX	5,9 APTO	XX7142XXX	6,3 APTO
XX3554XXX	3,5	XX9197XXX	5,9 APTO
XX7124XXX	3,8	XX3054XXX	5,9 APTO
XX5369XXX	5,6 APTO	XX3365XXX	5,8 APTO
XX3632XXX	4,0	XX3670XXX	4,4

Cuarto: Procede á publicación no taboleiro de edictos da sede electrónica de Aranga, do listado coa puntuación final outorgada.

Quinto: Declarar aptos aos aspirantes que superaron o primeiro exercicio, e convocalos para a celebración do segundo exercicio que terá lugar na Polideportiva Municipal de A Castellana, o mércores, oito de abril, as once horas.

O tribunal queda citado para o mesmo día, oito de abril, as nove horas, a fin de concretar a realización do segundo exercicio.

Contra as valoracións definitivas realizadas polo Tribunal cabe a interposición de recurso de alzada no prazo dun mes, dende a publicación do presente acordo.”

A secretaria do tribunal

Asdo. Ana María Ocampo Pérez-Gorostiaga